

Primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso na escala de bibliotecas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

ACCESO LIBRE

PROPOSTA A

1) De acordo co artigo 72 da Constitución Española, as sesións conxuntas de ambas Cámaras rexeranse por un Regulamento das Cortes Xerais, aprobado por:

- a) Maioría de tres quintos de cada Cámara.
- b) Maioría de tres quintos de ambas Cámaras, conxuntamente.
- c) Maioría absoluta de cada Cámara.
- d) Maioría absoluta de ambas Cámaras, conxuntamente.

2) En que anos se firmaron os dous primeiros Manifestos da UNESCO sobre a biblioteca pública?

- a) 1949, 1972
- b) 1959, 1979
- c) 1949, 1969
- d) 1950, 1972

3) De conformidade co disposto no artigo 115 da Constitución Española, sinale a resposta correcta:

- a) O Presidente do Goberno, previa deliberación do Consello de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá propoñer a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais, que será decretada polo Rei.
- b) O Presidente do Goberno, previa deliberación do Consello de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Congreso, o Senado ou as Cortes Xerais.
- c) O Presidente do Goberno, baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Congreso, o Senado ou as Cortes Xerais, previo informe do Consello do Estado.
- d) O Presidente do Congreso dos Deputados poderá solicitar ao Presidente do Goberno a disolución das Cortes Xerais.

4) No Formato IBERMARC, o campo 008:

- a) é un campo de control de lonxitude variable, sen indicadores nin subcampos
- b) é un campo de control de lonxitude fixa sen indicadores nin subcampos
- c) é un campo de datos de lonxitude fixa con indicadores e subcampos
- d) Ningunha resposta é correcta

5) Onde se depositan as obras de bibliófilo que ingresan polo depósito legal de Galicia?

- a) Biblioteca Nacional
- b) Biblioteca da Cidade da Cultura
- c) Centro Superior Bibliográfico de Galicia
- d) Centro Superior Bibliográfico de Galicia e Biblioteca Nacional

6) Segundo o artigo 68.5 da Constitución Española, o exercicio do dereito de sufraxio aos españois que se atopan fóra do territorio de España, será recoñecido por:

- a) O Estado.
- b) A lei.
- c) A Constitución.
- d) O Goberno.

7) Segundo o método de conservación dos documentos, as bibliotecas poden ser:

- a) Bibliotecas de consulta e microtecas.
- b) Bibliotecas de préstamo e de obras orixinais.
- c) Microtecas e bibliotecas de obras orixinais.
- d) Non existe diferenciación de tipos por ese método.

8) Como se chama o metabuscador recentemente implantado pola Biblioteca Nacional de España (BNE)?

- a) Metafind
- b) Sabio
- c) El Buscón
- d) Polibuscador

9) Segundo o artigo 59 da Constitución Española, se non houberse ningunha persoa á quen corresponda a Rexencia, esta será nomeada por:

- a) O Presidente do Goberno.
- b) As Cortes Xerais.
- c) O Consello de Ministros.
- d) O Consello de Estado.

10) Quen desenvolveu MARCXML?

- a) The World Wide Web Consortium (W3C)
- b) Lane Medical Library, Stanford University
- c) Library of Congress
- d) Indiana University Digital Library Program

11) M^a Jesús Lamarca destaca dous tipos principais de buscadores no web:

- a) Multibuscadores e metabuscadores
- b) Índices temáticos e motores de busca
- c) Portais temáticos e metabuscadores
- d) Browsing e clustering

12) As áreas funcionais do Perfil Bath son:

- a) Área funcional A para busca y recuperación de información bibliográfica básica, Área funcional B para busca e recuperación de información en distintos dominios (arquivos, bibliotecas, museos...), Área Funcional C para busca e recuperación de rexistros de fondos e localizacións
- b) Área funcional A para busca e recuperación de información bibliográfica básica, Área funcional B para busca e recuperación de rexistros de fondos e localizacións, Área funcional C para busca e recuperación de información en distintos dominios (arquivos, bibliotecas, museos...), Área Funcional D para busca e recuperación de rexistros de autoridade
- c) Área funcional A para busca e recuperación de información bibliográfica básica, Área funcional B para busca e recuperación de rexistros de fondos e localizacións, Área Funcional C para busca e recuperación de rexistros de autoridade
- d) Área funcional A para busca e recuperación de información bibliográfica básica, Área funcional B para busca e recuperación de rexistros de fondos e localizacións, Área funcional C para busca e recuperación de rexistros de autoridade, Área Funcional D para busca e recuperación de información en distintos dominios (arquivos, bibliotecas, etc.)

13) De conformidade co artigo 28 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, asesorar ao Delegado do Goberno na Comunidade Autónoma na elaboración das propostas de simplificación administrativa é unha tarefa que se encomenda:

- a) Aos órganos de asistencia que se establezan no Real Decreto do Consello de Ministros, que regule os órganos e as áreas funcionais da Delegación do Goberno.
- b) Aos subdelegados do goberno.
- c) Á Comisión territorial de asistencia ao Delegado do Goberno.
- d) Non se dispón nada en concreto sobre este asesoramento na normativa vixente, polo que actuará libremente o Delegado do Goberno.

14) Cal das seguintes non é unha das clases de auditoría ás que fai referencia o artigo 104 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia?

- a) Auditoría financeira.
- b) Auditoría de proxección.
- c) Auditoría de cumprimento.
- d) Auditoría operativa.

15) Cal é o antecedente do protocolo SRU (Search / Retrieval via URL)?

- a) HTTP
- b) Z39.50
- c) MARC21
- d) OpenURL

16) O refresco (refreshing) como estratexia de preservación de documentos dixitais consiste en:

- a) Transferir ou converter a información do programa orixinal a un sistema informático diferente
- b) Reducir a cantidade de datos requiridos para almacenar, transmitir e representar un documento dixital
- c) Transferir os datos dun soporte a outro sen efectuar cambio algún no software
- d) Copiar datos dun ordenador remoto a un ordenador local

17) Os cualificadores dos elementos Dublin Core son:

- a) Formato e identificador
- b) Refinadores de elementos e esquemas de codificación
- c) Tipo de recurso e identificador de recurso
- d) Identificador de recurso e cobertura

18) O proxecto impulsado dende 2007 pola Comisión Europea, que reunirá nun único acceso na web millóns de recursos dixitais de arquivos, museos, bibliotecas e coleccións audiovisuais europeas chámase:

- a) Biblioteca Digital El Dorado
- b) Europea
- c) Columbus
- d) Bibliotheca Universalis

19) Segundo a Ley 10/2007, de 22 de junio, de la lectura, del libro y de las bibliotecas, o Consejo de Cooperación Bibliotecaria é:

- a) o órgano colexiado de composición interadministrativa que canalizará a cooperación bibliotecaria entre as administracións públicas.
- b) O grupo de traballo creado no marco das Xornadas de Cooperación bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas
- c) o organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e asesoramento á Administración no referente ás políticas relacionadas co sector do libro e do fomento da lectura
- d) o órgano consultivo e asesor do Ministerio de Cultura en materias relacionadas con el sistema bibliotecario.

20) Segundo o artigo 46.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as copias de calquera documento público gozan da mesma validez e eficacia que este?

- a) Non.
- b) Nos casos en que así o estableza unha norma con rango de lei.
- c) Si, sempre que exista constancia de que son auténticas.
- d) Exclusivamente no ámbito da actividade das Administracións Públicas.

21) Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto ás Bibliotecas especializadas?

- a) Os norteamericanos, a mediados do século XX, crearon a *Association of Special Librarianship*, recoñecendo a existencia das bibliotecas especializadas.
- b) O seu nacemento está claramente vinculado ao aumento da información que se produciu, sobre todo, na segunda metade do século XX.
- c) En España, úsase, indistintamente, a expresión “biblioteca especial” e “biblioteca especializada” para referirse ao mesmo tipo de biblioteca.
- d) As bibliotecas especializadas non acostuman ter o seu acceso restrinxido a un determinado tipo de usuarios.

22) Segundo a Lei 14/1989, con cales dos seguintes servizos e seccións haberán de contar, alomenos, as axencias de lectura?

- a) Empréstito a domicilio e sección infantil.
- b) Empréstito a domicilio, sección infantil e xuvenil e información.
- c) Lectura en sala, sección infantil e xuvenil e información.
- d) Empréstito a domicilio.

23) Na Universidade da Coruña naceu un proxecto de creación dunha base de datos de autores e obras galegas, na que se inclúen obras en formato dixital, chamado:

- a) Biblioteca Dixital de Galicia
- b) Biblioteca Virtual Galega
- c) Culturagalega.org
- d) Textos de Literatura Galega Medieval

24) Cal das seguintes opción é un exemplo de *mashup* aplicado aos servizos bibliotecarios?

- a) *O Blog da Biblio*, da Biblioteca da Universidade de Vigo
- b) Biblioteca Virtual Cervantes
- c) *SFX para torpes*, wiki do grupo Expania
- d) *Nuestras Geografías Literarias*, da Biblioteca Municipal de Muskiz

25) Segundo a Lei 50/1997, do 27 de novembro, de Organización, Competencia e Funcionamento do Goberno, cal das seguintes facultades non pode ser exercida polo Presidente do Goberno en funcións:

- a) Propoñer ao Rei a convocatoria dun referendo consultivo.
- b) Presentar a cuestión de confianza.
- c) Propoñer ao Rei a disolución dalgunha das Cámaras ou das Cortes Xerais.
- d) Todas as respostas son correctas.

26) A cooperación nas Bibliotecas Universitarias iniciouse a través de redes como:

- a) Association for College & Research Libraries, de carácter internacional.
- b) A do grupo especializado en bibliotecas universitarias da American Library Association, de carácter internacional para países de fala inglesa.
- c) RUEDO, que integra as bibliotecas que usan Dobis-Libris, como medio de xestión automatizada.
- d) A francesa ADBS, que agrupa a todas as bibliotecas universitarias de Francia e países francófonos.

27) A xestión bibliotecaria:

- a) Nesta tarefa, o bibliotecario, debe ter presente, en primeiro lugar, que a xestión depende da situación administrativa.
- b) As tarefas directivas en relación con planificación, organización e funcionamento, constitúen a xestión.
- c) A xestión bibliotecaria debe buscar a eficacia económica como un dos elementos conformadores da calidade total que persigue.
- d) Todas son correctas.

28) De conformidade co disposto no artigo 79 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

- a) En calquera momento do procedemento.
- b) En calquera momento do procedemento, anterior ao trámite de audiencia.
- c) Antes de que o órgano competente dite a proposta de resolución.
- d) Nun momento posterior ao trámite de audiencia e antes de que o órgano competente dite a resolución.

29) Sinala os elementos chave sobre os que debe descansar o control bibliográfico nacional, tal e como se estableceu na Conferencia Internacional sobre Bibliografías Nacionais que tivo lugar en París en 1977:

- a) Depósito legal, Axencia Bibliográfica Nacional e Bibliografía Nacional
- b) ISBN, ISSN e UNIMARC
- c) ISBN e Depósito legal
- d) ISBD, CDU e Formato MARC

30) Segundo o artigo 214 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), os membros da Comisión serán nomeados por un período de:

- a) 5 anos renovable.
- b) 4 anos renovable.
- c) 5 anos non renovable.
- d) 4 anos non renovable.

31) Pode unha publicación levar ao mesmo tempo ISSN e ISBN?

- a) Nunca
- b) Si, cando se trata dunha publicación en soporte electrónico
- c) Si, en determinadas publicacións nas que o ISSN identificará a serie e o ISBN identificará a entrega ou o volume concreto.
- d) Si, nos anuarios, nos que o ISBN se manterá igual nas sucesivas entregas ou volumes da serie (sempre que o título non sofre ningún cambio), mentres que o ISSN será distinto para cada unha delas.

32) Segundo o artigo 203 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), o Consello estará composto por:

- a) Un representante da metade dos Estados membros, de rango ministerial.
- b) Un representante de cada Estado membro, de rango ministerial.
- c) Dous representantes da metade dos Estados membros, de rango ministerial.
- d) Dous representantes de cada Estado membro, de rango ministerial.

33) A *Bibliografía Española en línea*, recurso electrónico que recolle os rexistros bibliográficos dos documentos publicados en España e que ingresan na Biblioteca Nacional de acordo coas disposicións vixentes de Depósito Legal, inclúe as seguintes series:

- a) monografías, publicacións periódicas, recursos electrónicos e música impresa.
- b) monografías, publicacións periódicas, cartografía e literatura gris.
- c) monografías, publicacións periódicas, cartografía e música impresa.
- d) monografías, publicacións periódicas, videograbacións e música impresa.

34) Segundo a Norma UNE 50106: 1990 *Documentación. Directrices para el establecimiento y desarrollo de tesauros monolingües*, un termo preferente é:

- a) A representación dun concepto, preferentemente en forma de substantivo ou frase nominal.
- b) Aquel que se utiliza sistematicamente na indización para representar un concepto determinado, tamén chamado "descriptor"
- c) Aquel que non se asigna aos documentos na indización pero se inclúe na sección sistemática dalgúns tipos de tesauros para indicar o criterio lóxico de clasificación
- d) Aquel cun significado que pode considerarse igual a outro en contextos de tal amplitude que son virtualmente intercambiabes

35) Segundo a Norma UNE 50106: 1990 *Documentación. Directrices para el establecimiento y desarrollo de tesauros monolingües*, nun tesauro contéplanse tres clases básicas de relacións terminolóxicas:

- a) Relación alfabética, relación sistemática e relación gráfica
- b) Relación xenérica, relación xerárquica parte-todo, relación enumerativa
- c) Relación de equivalencia, relación xerárquica, relación asociativa
- d) Ningunha é correcta

36) En que norma ISO se recollen os principios directores para o establecemento e desenvolvemento dun tesauro monolingüe?

- a) ISO 2709
- b) ISO 2788
- c) ISO 2789
- d) Ningunha é correcta

37) ¿Qué Real Decreto regula as Cartas de servizos e os premios á calidade da Administración Xeral do Estado?

- a) 1250/1999
- b) 1259/1999
- c) 121/1997
- d) 1222/1997

38) Que é RSS?

- a) Un proxecto de Web Semántica, que permite crear páxinas Web para describir persoas, vínculos entre elas, e as cousas que fan e crean. Permite ter dispoñible información persoal de forma sinxela para que poida ser procesada, compartida e reutilizada.
- b) Un vocabulario RDF baseado en XML que permite a catalogación de información (novas e eventos) de tal xeito que sexa posible encontrar información precisa adaptada ás preferencias dos usuarios, notificando de forma automática calquera cambio que se realice nos recursos de interese seleccionados.
- c) Unha linguaxe de consulta sobre RDF, que permite facer buscas sobre os recursos da Web Semántica utilizando distintas fontes de datos e permite obter tamén os resultados en formato RDF para poder utilizalos en diversas aplicacións.
- d) Un mecanismo que desenvolve temas ou vocabularios específicos para definir ontoloxías estruturadas que poden ser utilizadas a través de diferentes sistemas.

39) Tim Berners-Lee é :

- a) a persoa que acuñou o termo *Library 2.0*
- b) o creador do World Wide Web
- c) un gurú do software social nas bibliotecas
- d) o creador de Arxiv.org

40) Segundo o artigo 51 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os órganos estatutarios da Comunidade Autónoma e as Consellerías remitiranlle á de Economía e Facenda:

- a) Os seus orzamentos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xullo.
- b) Os seus orzamentos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xuño.
- c) Os seus estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xuño.
- d) Os seus estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xullo.

41) Un exemplo de catálogo colectivo nacional en liña que agrupa diferentes tipos de bibliotecas e está coordinado pola Biblioteca Nacional do país é:

- a) SUDOC
- b) PORBASE
- c) REBIUN
- d) COPAC

42) Cal é o nome do portal en internet das bibliotecas públicas españolas?

- a) DIALNET
- b) REBECA
- c) TRAVESÍA
- d) PUBLICAS

43) O servizo público de información na rede Internet, a través de correo electrónico e web, xestionado de forma cooperativa entre bibliotecas das diferentes Comunidades Autónomas españolas, e coordinado pola *Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas*, do Ministerio de Cultura, denomínase:

- a) Pregunte al bibliotecario
- b) 24/7
- c) QuestionPoint
- d) Pregunte, las bibliotecas responden

44) Segundo o artigo 57 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, o persoal funcionario público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que pase á situación de excedencia voluntaria incentivada terá dereito a:

- a) Unha mensualidade das retribucións de carácter periódico, excluídas as pagas extraordinarias e o complemento de produtividade, percibidas no último posto de traballo, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensualidades.
- b) Unha mensualidade das retribucións de carácter periódico, incluídas as pagas extraordinarias e o complemento de produtividade, percibidas no último posto de traballo, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensualidades.
- c) As retribucións básicas e o 50% do complemento de destino do seu grao persoal.
- d) As retribucións básicas e o 50% do complemento específico do posto que desempeñaban ao pasar a esta situación.

45) Segundo o informe promovido pola Federación de Gremios de editores de España, *Comercio interior del Libro en España 2007*:

- a) A tirada media foi de 4.070 exemplares por título
- b) Os textos non universitarios, a literatura, as obras de ciencias sociais e humanidades e os libros infantís e xuvenís concentran o meirande número de títulos e de exemplares editados.
- c) O 34,6% das editoriais españolas edita noutros soportes distintos do papel.
- d) Ningunha é correcta

46) De conformidade co artigo 140 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse:

- a) En documento administrativo dentro do prazo de 10 días naturais.
- b) En documento público dentro do prazo de 20 días hábiles.
- c) En documento administrativo dentro do prazo de 10 días hábiles.
- d) En documento público dentro do prazo de 20 días naturais.

47) Segundo a Lei 14/1989, de 11 de outubro, de Bibliotecas de Galicia, é función propia do Centro Superior Bibliográfico de Galicia:

- a) Propoñer a creación de bibliotecas naqueles ámbitos onde sexa necesario para o cumprimento dos fins propostos na presente lei.
- b) Coñecer o programa de actuación e distribución de fondos económicos destinados ao sistema bibliotecario.
- c) Elaborar e difundir a información bibliográfica sobre a produción editorial galega, actual e retrospectiva.
- d) Servir de apoio técnico ás bibliotecas da rede

48) Segundo o *Manifiesto de la IFLA/UNESCO sobre la biblioteca pública (1994)*, é unha misión da biblioteca pública:

- a) crear e consolidar os hábitos de lectura nos nenos desde os primeiros anos
- b) mellorar o acceso á información sobre arte, incluíndo o desenvolvemento de estándares internacionais e do control bibliográfico
- c) mellorar e estender programas para preservar os recursos de investigación en formatos que aseguren o acceso ao longo do tempo
- d) custodiar o patrimonio cultural de cada nación, mediante o control, acceso e preservación de publicacións nacionais en calquera soporte.

49) Segundo Carrión Gútiérrez, os sistemas de catalogación bibliográfica son:

- a) Sistemas de catalogación por materias precoordinaados e de estrutura xerárquica.
- b) Sistemas de catalogación xerárquicos que se basean nos rexistros de autoridades.
- c) Sistemas integrados de descrición bibliográfica.
- d) Sistemas descritivos horizontais de materiais bibliográficos.

50) Na xestión dos fondos na Biblioteca:

- a) Desde o punto de vista da selección cuantitativa, o Manifesto da UNESCO de 1972 para Bibliotecas Públicas, recomenda un mínimo de entre 5 e 10 libros por habitante.
- b) Na selección, debe coidarse o crecemento e mantemento harmónico das distintas seccións e materias que constitúen o fondo da biblioteca.
- c) As bibliotecas especializadas deben tender á exhaustividade e o crecemento sen límites da colección, de modo que podan satisfacerse as demandas dos seus usuarios.
- d) Nas bibliotecas universitarias o peso central da selección recae no alumnado.

51) Segundo os Estatutos do Consorcio de Bibliotecas de Galicia, é unha atribución da Comisión Técnica:

- a) A proposta de admisión de novos membros.
- b) A dirección e coordinación das actividades do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- c) A Elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- d) A aprobación dos regulamentos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

52) De conformidade co artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, cal destas materias debe ser obxecto de negociación?

- a) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.
- b) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.
- c) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño.
- d) As decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización.

53) Segundo as recomendacións da IFLA, nunha poboación igual ou superior aos 5.000 habitantes con servizos bibliotecarios estabilizados, a taxa anual de crecemento debe ser :

- a) $0,25 \times 5.000 = 1.250$ docs./ano
- b) $0,20 \times 5.000 = 1.000$ docs./ano
- c) $0,30 \times 5.000 = 1.500$ docs./ano
- d) $0,15 \times 5.000 = 750$ docs./ano

54) Segundo o Real Decreto 582/1989, de 19 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de Bibliotecas Públicas del Estado y del Sistema Español de Bibliotecas , cada canto tempo debe facerse un recuento dos fondos nunha biblioteca pública?

- a) Cada dous anos
- b) Alomenos unha vez cada cinco anos
- c) Cada ano
- d) Non é imprescindible facer recontos, aínda que si recomendable

55) A norma ISO 11.620 define:

- a) Indicadores de rendemento bibliotecario.
- b) Sistemas de avaliación de bibliotecas.
- c) Indicadores de avaliación de bibliotecas públicas.
- d) Sistemas de bibliometría.

56) De acordo co establecido no artigo 47 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma:

- a) Mediante acordo do Parlamento poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos.
- b) Mediante acordo do Consello da Xunta poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos.
- c) Mediante acordo do Parlamento poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos e de persoal.
- d) Mediante acordo do Consello da Xunta poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos e de persoal.

57) Segundo o disposto no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a que Consellería quedou adscrito o ente público Obras e Servizos Hidráulicos?

- a) Consellería de Agricultura.
- b) Consellería de Medio Rural.
- c) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- d) Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

58) Como se denomina un catálogo que ordena os asentos bibliográficos xerarquicamente tendo en conta o seu contido, de acordo a un sistema de clasificación?

- a) catálogo sindético
- b) catálogo razoado
- c) catálogo topográfico
- d) catálogo sistemático

59) Quen desenvolveu o Sistema de Clasificación Expansiva?

- a) Melvil Dewey
- b) Charles A. Cutter
- c) Barbara Tillet
- d) Paul Otlet

60) Cal é a lista de encabezamentos de materia empregada na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela?

- a) Répertoire de vedettes-matière, Université Laval.
- b) LEM, Lista de encabezamientos de materias para bibliotecas públicas
- c) EMBNE, Encabezamientos de Materia de la Biblioteca Nacional
- d) LCSH, Library of Congress Subject Headings

61) De conformidade co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller queda adscrito a:

- a) Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- b) Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- c) Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- d) Consellería de Xustiza, Interior e Protección Civil.

62) Sinale en cal das seguintes materias non lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado, segundo a regulación prevista no Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Réxime enerxético.
- b) Entidades cooperativas.
- c) Réxime xurídico da Administración Pública de Galicia.
- d) Propiedade intelectual.

63) Segundo Mercé Escardó, a Bebeteca é:

- a) aquela biblioteca que desenvolve a súa actividade con exclusividade no ámbito da escola infantil, contribuíndo á formación, información e ocio do alumnado
- b) un servizo de atención especial para a pequena infancia (de 0 a 6 anos) que inclúe, ademais dun espazo e un fondo de libros escollidos para satisfacer as necesidades dos máis pequenos e dos seus pais, charlas sobre o seu uso, asesoramento e unha atención constante por parte dos profesionais da biblioteca cara aos usuarios
- c) un servizo bibliotecario que se vale dun medio de transporte, de tracción propia ou remolcado, para acceder fisicamente, de forma planificada, predeterminada, periódica e publicitada, a lugares ou grupos sociais alleos a unha prestación bibliotecaria estable, co obxectivo de facerlles partícipes dos beneficios da biblioteca pública.
- d) un servizo estacional, centrado nos meses de verán, desenvolvido en espazos abertos, que ofrece todos ou parte dos servizos propios dunha Biblioteca pública

64) Quen promove ALFINRED?

- a) REBIUN
- b) A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura
- c) A Subdirección General de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura.
- d) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación

65) Que universidade creou a Factoría de Recursos Docentes para dar apoio ás bibliotecas?

- a) UOC
- b) UPC
- c) UPF
- d) UC3M

66) Cal dos seguintes proxectos trata os estándares de metadatos educativos?

- a) ARIADNE
- b) GEM
- c) ADL98
- d) Todos eles

67) Cal dos seguintes elementos non fai referencia a unha concepción sobre os procesos de aprendizaxe?

- a) A perspectiva conductista.
- b) A teoría do procesamento da información.
- c) A aprendizaxe significativa.
- d) A teoría fisiocrática.

68) Nas Bibliotecas, o Troco é un procedemento de adquisición:

- a) Só apropiado para os países en vías de desenvolvemento.
- b) Ten a súa orixe en empresas de carácter filantrópico.
- c) É o único procedemento utilizado polos estados cuxa política económica non permite o gasto de divisas.
- d) Trátase dun importantísimo capítulo de ingresos nas bibliotecas nacionais.

69) Forman parte do Patrimonio Histórico Español os exemplares produto de edicións das películas cinematográficas dos que:

- a) Non conste ningún exemplar nos servizos públicos.
- b) Non conste alomenos un exemplar nos servizos públicos.
- c) Consten menos de tres exemplares nos servizos públicos.
- d) Consten menos de cinco exemplares nos servizos públicos.

70) Segundo a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia:

- a) Os fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas, e as obras literarias, históricas, científicas ou artísticas, impresas, manuscritas, fotográficas, cinematográficas, fonográficas e magnéticas, de carácter unitario ou seriado, en calquera tipo de soporte e independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución, das que non conste a existencia de polo menos tres exemplares en bibliotecas ou servizos públicos.
- b) Os fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas, e as obras de creación, científicas de carácter unitario ou seriado, en calquera tipo de soporte e independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución, das que non conste a existencia de polo menos dous exemplares en bibliotecas ou servizos públicos.
- c) Os fondos e coleccións bibliográficos de calquera época nos que estea recollido o testemuño da actividade científica e creativa galega.
- d) As coleccións bibliográficas radicadas no territorio galego.

71) O Depósito Legal foi establecido por primeira vez para Francia:

- a) En 1789.
- b) En 1573.
- c) En 1841.
- d) En 1537.

72) O Depósito:

- a) Deberá estar compartimentado en salas cunha superficie mínima de 150 m² e máxima de 300 m².
- b) A altura dos teitos deberá ser, como mínimo, de 250 m.
- c) Nos cerramentos, será conveniente que os muros teñan recobramentos impermeabilizantes.
- d) Evitarase abrir ventás nos muros orientados ao Sur.

73) Quen elaborou a lei bibliométrica chamada Lei de dispersión?

- a) D. J. de Solla Price
- b) Samuel C. Bradford
- c) Alfred J. Lotka
- d) Benoit Mandelbrot

74) Consonte ao Decreto 41/2001, que servizo deberán prestar as bibliotecas nodais?

- a) Servizo de materiais sonoros e audiovisuais.
- b) Sección infantil e xuvenil.
- c) Sección local.
- d) Todos os devanditos.

75) Teoricamente, o microclima ideal para a conservación dos materiais orgánicos é:

- a) De 30 a 45 % de humidade relativa e de 21 a 25° C de temperatura.
- b) Non superar o 40% de humidade relativa, nin os 18° C de temperatura.
- c) Humidade relativa inferior a 30% e temperatura superior aos 20° C.
- d) Entre o 45 e 55% de humidade relativa e os 18 e 21° C.

76) Cal dos seguintes elementos non é sinalado para o catálogo, segundo Orera Orera?:

- a) O soporte.
- b) O asento bibliográfico.
- c) Os puntos de acceso.
- d) A signatura.

77) Cal é a norma ISO que regula o uso do papel permanente?

- a) ISO 9706-1998
- b) ISO 9700-1992
- c) ISO 9706-1994
- d) ISO 9706- 1978

78) A CDU (Clasificación Decimal Universal):

- a) Ten a súa orixe remota na Clasificación Expansiva de Cutter.
- b) A súa primeira edición en forma impresa data de 1933.
- c) É o sistema oficial de clasificación das bibliotecas públicas dependentes do Estado desde 1959.
- d) Naceu como evolución da DDC no Instituto Internacional de Bibliografía.

79) Segundo o artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, a Xunta solicitará anualmente do Parlamento:

- a) A celebración dun debate de política autonómica.
- b) A cuestión de confianza sobre o programa do Goberno e sobre unha declaración política xeral.
- c) A celebración dun debate de política xeral, ao comezo dun dos períodos ordinarios de sesións.
- d) As mocións, interpelacións e preguntas que se formulen no Parlamento.

80) Segundo ás *Directrices para Registros de Autoridad y Referencia*, ás áreas que compoñen un rexistro explicativo xeral son:

- a) Área de encabezamento explicativo, área de referencia explicativa xeral, área de fonte, área de Número Internacional Normalizado de Datos de Autoridade
- b) Área de encabezamento de autoridade, área de nota de información, área de trazado de referencia de véxase, área de trazado de referencia de véxase tamén
- c) Área de encabezamento explicativo, área de referencia explicativa xeral, área de nota de información, área de Número Internacional Normalizado de Datos de Autoridade
- d) Área de encabezamento de referencia, área de nota de información, Área de encabezamento autorizado

PREGUNTAS DE RESERVA

81) Cal dos seguintes non é un fungo nocivo para o material bibliográfico?

- a) Penicillium.
- b) Aspergillus.
- c) Blattela germánica.
- d) Phoma.

82) Segundo o artigo 99 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse:

- a) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación provisional.
- b) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación definitiva.
- c) Posteriormente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación definitiva.
- d) Posteriormente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación provisional.

83) Segundo a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, Cal dos seguintes é un axente cultural activo indispensable para que a industria do libro manteña a súa pluralidade e creatividade?

- a) A librería.
- b) O quiosco.
- c) A Distribuidora.
- d) O club de lectura.